



## Actividades do alumnado de 6ºA e C de primaria

Enviado por [admin1](#) [1] o Sáb, 05/03/2025 - 16:33

[Curso 24\\_25](#) [2]

Os días 22 e 23 de abril, o alumnado de 6ºA e 6ºC de primaria, desenvolveu unhas actividades simultaneas á viaxe a Vila Real, na que participou o alumnado de 6ºB.

Estas iniciativas foron posibles e gratuítas grazas á colaboración da ANPA e do Centro.

O día 22 visitaron o **Mosteiro de Oseira**, considerado unha obra mestra da arquitectura cisterniense. Ademais do conxunto monacal, puideron visitar no seu interior o museo no que se exhibe unha colección de obxectos de pedra, froito das escavacións e reformas que tiveron lugar no templo durante séculos.

Aproveitaron para achegarse ao obrador da **panadería Aboamigalla**, *colaborador* co comedor do noso centro, pero disto falaremos con máis detalle noutra entrada.

O día 23 realizaron unha visita guiada á nosa xoia do románico, o **Pórtico da Gloria**.

A continuación, e grazas ás explicacións de Lois Trigo, antigo director do noso centro, fíxose un percorrido polas rúas medievais da nosa cidade.



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/670>

### Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/56>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/89>